- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2018, cun orzamento total de licitación de 89.015,73 euros (orzamento base: 73.566,72 euros; IVE 21%: 15.449,01 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 12/12/2018.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento, que inclúe informe de non división en lotes e informe de supervisión do proxecto, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/12/2018.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/12/2018.
- 5.- Informe da secretaría do Concello sobre o investimento relativo ó ciclo da auga asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle na data 13/12/2018.
- 6.- Memoria económica da alcaldía sobre inversión financeiramente sostible asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2018.
- 7.- Informe da intervención específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 13/12/2018.
- 8.- Decreto da alcaldía de data 14/12/2018 de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2019.
- 9.- Certificación, de data 17/12/2018, da resolución da alcaldía, de data 14/12/2018, da non división en lotes do investimento.
- 10.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 14/12/2018, polo que se aproba participar no Plan Provincial de





Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.

- 11.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 17/03/2020 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 12.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 23/03/2020 (número de operación 2020 22005616), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61916.
- 13.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 17/03/2020.
- 14.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/04/2020.
- 15.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 28/04/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 16.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/04/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobación o expediente de contratación para realizar as obras de "RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN EN OUTEIRO (CARREIRA)", segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2018, cun orzamento total de licitación de 89.015,73 euros (orzamento base: 73.566,72 euros; IVE 21%: 15.449,01 euros), e cun prazo de execución de 3 meses. (Valor estimado: 80.923,39 euros).

**SEGUNDO.-** Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/04/2020.

**TERCEIRO.-** Aprobación o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61916.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento





aberto simplificado, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

**9.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NA AVENIDA DA CORUÑA, ENTRE RÚA CARAMECHEIRO E PRAZA DOS ESTUDANTES (RIBEIRA)”.**

*Expediente: 2020/C\_OB000005*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “**RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NA AVENIDA DA CORUÑA, ENTRE RÚA CARAMECHEIRO E PRAZA DOS ESTUDANTES (RIBEIRA)**”.

O investimento foi incluído no “**Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019**”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/04/2019, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 30/04/2019, co número 6.028, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 2019/19076 de data 31/05/2019, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 03/06/2019, co número 7.676.

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2018, cun orzamento total de licitación de 332.834,85 euros (orzamento base: 275.070,12 euros; IVE 21%: 57.764,73 euros), e cun prazo de execución de 5 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 13/12/2018.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento, que inclúe informe de non división en lotes e informe de supervisión do proxecto, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/12/2018.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos asinado polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle e pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/12/2018.
- 5.- Memoria económica da alcaldía sobre inversión financeiramente sostible asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 13/12/2018.
- 6.- Informe da intervención específica de cada investimento financeiramente sostible solicitado asinado polo interventor Pablo Bao Castro na data 13/12/2018.
- 7.- Decreto da alcaldía de data 14/12/2018 de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia





Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2019.

- 8.- Certificación, de data 17/12/2018, da resolución da alcaldía, de data 14/12/2018, da non división en lotes do investimento.
- 9.- Notificación da resolución de autorización das obras do servizo provincial da Coruña, da Axencia Galega de Infraestructuras, da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade da Xunta de Galicia (expediente nº: IF204A 2019/000013-1), que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 14/11/2019 co número 16.021.
- 10.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 14/12/2018, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 11.- Decreto da alcaldía número 201902/66 de emenda das deficiencias atopadas no proxecto.
- 12.- Proposta de contratación/memoria xustificativa do contrato asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/03/2020 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 13.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 02/04/2020 (número de operación 2020 22006183), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453 61915.
- 14.- Acta de replanteo previo das obras asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, de data 26/03/2020.
- 15.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, mediante a aplicación de fórmulas. Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 25/05/2018, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 101, da data 30/05/2018, asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/04/2020.
- 16.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 28/04/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 17.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 29/04/2020, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os artigos 117 e 122 da LCSP.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da LCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta os seguintes acordos:**





**PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN NA AVENIDA DA CORUÑA, ENTRE RÚA CARAMECHEIRO E PRAZA DOS ESTUDANTES (RIBEIRA)”**, segundo o proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2018, cun orzamento total de licitación de 332.834,85 euros (orzamento base: 275.070,12 euros; IVE 21%: 57.764,73 euros), e cun prazo de execución de 5 meses. (Valor estimado: 302.577,13 euros).

**SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 22/04/2020.

**TERCEIRO.- Aprobar o gasto** con cargo á aplicación orzamentaria 453 61915.

**CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación** por procedemento aberto simplificado, con un único criterio de adjudicación (factor prezo).

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciárase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

**10.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADJUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “ESCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO RECINTO SUPERIOR DO CASTRO DA CIDÁ (RIBEIRA)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000025*

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “ESCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO RECINTO SUPERIOR DO CASTRO DA CIDÁ (RIBEIRA)” redactado polo arqueólogo e dinamizador do museo Miguel Ángel Vidal Lojo de data febreiro/2017, cun orzamento total de licitación de 199.386,07 euros (orzamento base: 164.781,88 euros; IVE 21%: 34.604,19 euros), e cun prazo de execución de 3 meses. (Valor estimado do contrato: 164.781,88 euros).

Esta actuación está financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia segundo a *Resolución sobre a concesión dunha subvención ao abeiro da medida LEADER do PDR de Galicia 2014-2020. Convocatoria 2019-2020. Submedida 19.2 (MR701D)*, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 19/09/2019 co número 13.187.

O proxecto técnico, redactado polo arqueólogo e dinamizador do museo municipal Miguel Ángel Vidal Lojo na data febreiro/2017, foi aprobado por decreto da alcaldía de data 30/12/2019.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación, o prego de cláusulas administrativas e o correspondente gasto con cargo á aplicación orzamentaria 336 61900, aprobáronse por decreto da alcaldía de data 30/12/2019.







Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito á oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 11/02/2020, consta que a esta contratación foron presentadas as ofertas dos seguintes licitadores:

1. Terra Arqueos, S.L.

A apertura do arquivo en soporte dixital (sobre A de documentación administrativa), presentado polo licitador que a continuación se indica, cuxa oferta foi rexistrada, dentro do prazo concedido a tal fin, a través do Sistema de Licitación Electrónico da Xunta de Galicia (SILEX) e que contén a documentación administrativa esixida na cláusula 12.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, realizouse pola Mesa de contratación na súa reunión da data 13/02/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADOR PRESENTADO | DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA APORTADA |
|----------------------|---------------------------------------|
| Terra Arqueos, S.L.  | CORRECTA                              |

A apertura do arquivo en soporte dixital (sobre B) que contén a oferta técnica, realizouse pola Mesa de contratación na data 27/02/2020 e despois dunha sucinta lectura da documentación aportada polo licitador, a Mesa, nesa mesma reunión, acordou dar traslado de dita documentación contida no mencionado arquivo ós servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor indicados na cláusula 12.2 e no anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Na data 06/03/2020 o arqueólogo e dinamizador do museo municipal Miguel Ángel Vidal Lojo, emitiu o *informe e análise do sobre B do "Proxecto de escavación e posta en valor da muralla do recinto superior do castro da Cidá (Ribeira, A Coruña)"*, co detalle de proposta de puntuación que se recolle no mesmo.

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de contratación, na súa reunión de data 12/03/2020, acordou outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polo licitador no seu sobre "B" criterios avaliados mediante xuízos de valor:

| LICITADOR: TERRA ARQUEOS, S.L. |                                          |                                                                        |                                                        |                                          |
|--------------------------------|------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------|------------------------------------------|
| CRITERIOS DE VALORACIÓN        | Equipo de traballo<br>(de 0 a 15 puntos) | Coñecemento do<br>xacemento e das<br>escavacións (de 0 a 15<br>puntos) | Metodoloxía e<br>programación<br>(de 0 a 15<br>puntos) | Plan de divulgación<br>(de 0 a 5 puntos) |
| VALORACIÓN                     | 14                                       | 13                                                                     | 13                                                     | 5                                        |
| TOTAL 45 PUNTOS                |                                          |                                                                        |                                                        |                                          |

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fixo público o resultado anteriormente detallado, PROCEDENDO A CONTINUACIÓN Á APERTURA DOS SOBRES "C" de criterios avaliados automaticamente (oferta económica) e a súa valoración, dando o resultado seguinte:

| Orde   | Licitador              | Prezo ofertado sen<br>IVE | IVE 21%     | Prezo total ofertado<br>IVE. incluído |
|--------|------------------------|---------------------------|-------------|---------------------------------------|
| Única  | TERRA ARQUEOS,<br>S.L. | 146.600,00 €              | 30.786,00 € | 177.386,00 €                          |
| PUNTOS |                        |                           |             | 25,74                                 |

Tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.





Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 12/03/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “ESCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA MURALLA DO RECINTO SUPERIOR DO CASTRO DA CIDÁ (RIBEIRA)”, do seguinte xeito:**

| Orde  | LICITADORES         | Puntuación<br>sobres B | Puntuación<br>sobres C | TOTAL FINAL |
|-------|---------------------|------------------------|------------------------|-------------|
| Única | TERRA ARQUEOS, S.L. | 45                     | 25,74                  | 70,74       |

**SEGUNDO.-** De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **requirir á empresa “TERRA ARQUEOS, S.L.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indican nas cláusulas 7.2.1. e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**11.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA DA CRUZ (AGUIÑO)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000006*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA DA CRUZ (AGUIÑO)”**, cun orzamento total de licitación de 69.933,38 euros (orzamento base: 57.796,18 euros; IVE 21%: 12.137,20 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por





Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61971, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. CANARGA, S.L.
2. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
3. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
4. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
5. CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.
6. CONTRATAS VILOR, S.L.
7. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
8. EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.
9. EXCAVACIONES NIMA S.L.
10. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
11. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
12. MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.
13. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
14. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
15. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
16. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
17. SONDEOS PORZUNA, S.L.
18. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
19. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na súa reunión da data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                         | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) |
|-------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| CANARGA, S.L.                       | CORRECTA                | 48.099,17 €                |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.         | CORRECTA                | 42.500,00 €                |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.   | CORRECTA                | 44.800,00 €                |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | CORRECTA                | 48.612,37 €                |





|                                        |          |             |
|----------------------------------------|----------|-------------|
| CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.        | CORRECTA | 44.850,00 € |
| CONTRATAS VILOR, S.L.                  | CORRECTA | 56.495,00 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.  | CORRECTA | 49.594,90 € |
| EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.           | CORRECTA | 42.250,10 € |
| EXCAVACIONES NIMA S.L.                 | CORRECTA | 43.974,78 € |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L. | CORRECTA | 49.730,00 € |
| GESTAL Y LOPEZ, S.L.                   | CORRECTA | 50.461,84 € |
| MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.              | CORRECTA | 43.925,09 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                  | CORRECTA | 43.156,41 € |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.     | CORRECTA | 56.542,00 € |
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.        | CORRECTA | 46.628,10 € |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.               | CORRECTA | 45.955,00 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                  | CORRECTA | 50.115,07 € |
| TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                 | CORRECTA | 37.834,72 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                  | CORRECTA | 51.097,60 € |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador “Tamara Fernández Pérez” debe ser considerada, en principio, como anormalmente baixa, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirir á citada empresa para que no prazo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormalmente baixa, enviouse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido a empresa “Tamara Fernández Pérez” presentou a documentación xustificativa da súa oferta (que tivo entrada no rexistro xeral na data 17/02/2020 cos números 2.390 e 2.397).

Con data 26/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA DA CRUZ (AGUIÑO)”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Tamara Fernández Pérez expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.*

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada por Tamara Fernández Pérez”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na





data 26/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada por “Tamara Fernández Pérez”.

**SEGUNDO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN RÚA DA CRUZ (AGUIÑO)”**, do seguinte xeito:

| ORDE | LICITADORES                            | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|----------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                 | 37.834,72 €                        |
| 2    | EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.           | 42.250,10 €                        |
| 3    | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.            | 42.500,00 €                        |
| 4    | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                  | 43.156,41 €                        |
| 5    | MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.              | 43.925,09 €                        |
| 6    | EXCAVACIONES NIMA S.L.                 | 43.974,78 €                        |
| 7    | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.      | 44.800,00 €                        |
| 8    | CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.      | 44.850,00 €                        |
| 9    | SERGONSA SERVICIOS, S.L.               | 45.955,00 €                        |
| 10   | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.        | 46.628,10 €                        |
| 11   | CANARGA, S.L.                          | 48.099,17 €                        |
| 12   | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.    | 48.612,37 €                        |
| 13   | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.  | 49.594,90 €                        |
| 14   | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L. | 49.730,00 €                        |
| 15   | SONDEOS PORZUNA, S.L.                  | 50.115,07 €                        |
| 16   | GESTAL Y LOPEZ, S.L.                   | 50.461,84 €                        |
| 17   | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                  | 51.097,60 €                        |
| 18   | CONTRATAS VILOR, S.L.                  | 56.495,00 €                        |
| 19   | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.     | 56.542,00 €                        |

**TERCEIRO.-** Requirir á empresa “Tamara Fernández Pérez”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**12.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN PEDRA DO PINO (CORRUBEDO)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000015*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de





**“PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN PEDRA DO PINO (CORRUBEDO)”**, cun orzamento total de licitación de 118.133,85 euros (orzamento base: 97.631,28 euros; IVE 21%: 20.502,57 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61968, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
2. CANARGA, S.L.
3. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
4. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
5. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
6. CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.
7. CONTRATAS VILOR, S.L.
8. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
9. EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.
10. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
11. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
12. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
13. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
14. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
15. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
16. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
17. OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.
18. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
19. SONDEOS PORZUNA, S.L.
20. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
21. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.







A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                          | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) |
|------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.           | CORRECTA                | 86.450,76 €                |
| CANARGA, S.L.                                        | CORRECTA                | 79.256,20 €                |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                          | CORRECTA                | 70.500,00 €                |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | CORRECTA                | 80.800,00 €                |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | CORRECTA                | 82.117,67 €                |
| CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.                    | CORRECTA                | 68.940,00 €                |
| CONTRATAS VILOR, S.L.                                | CORRECTA                | 92.605,00 €                |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.                | CORRECTA                | 83.679,77 €                |
| EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.                         | CORRECTA                | 59.025,00 €                |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L.                              | CORRECTA                | 75.037,62 €                |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.               | CORRECTA                | 85.735,00 €                |
| GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                                 | CORRECTA                | 86.530,60 €                |
| MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                             | CORRECTA                | 82.986,59 €                |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | CORRECTA                | 79.790,75 €                |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | CORRECTA                | 69.991,87 €                |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.                   | CORRECTA                | 90.670,17 €                |
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.                      | CORRECTA                | 78.033,06 €                |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.                             | CORRECTA                | 78.855,00 €                |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                                | CORRECTA                | 84.070,30 €                |
| TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                               | CORRECTA                | 65.810,33 €                |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                                | CORRECTA                | 85.212,59 €                |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construccións Fermín Simal, S.L.”, “Excavaciones Abelleira, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirirle ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormalmente baixa, enviouse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas respectivas ofertas as empresas “Construccións Fermín Simal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.273) e “Excavaciones Abelleira, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.300).

Non consta que presentase documentación xustificativa da súa oferta económica a empresa “Tamara Fernández Pérez”.

Con data 18/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN PEDRA DO PINO (CORRUBEDO)”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. expón os motivos*





*especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*A documentación presentada pola empresa Construccions Fermín Simal, S.L. non se considera*

*suficiente para xustificar a oferta realizada.*

*Tamara Fernández Pérez non presentou documentación para xustificar a súa oferta”.*

*E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Abelleira, S.L. e excluír a Construccions Fermín Simal, S.L. e Tamara Fernández Pérez do proceso de licitación”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO-** Excluír da licitación á empresa “Tamara Fernández Pérez” por non presentar documentación xustificativa da súa oferta económica considerada en principio como anormalmente baixa.

**SEGUNDO-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, **excluír da licitación á empresa “Construccions Fermín Simal, S.L.”**, por non considerar suficiente a documentación aportada como xustificación da súa oferta económica considerada en principio como anormalmente baixa.

**TERCEIRO-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.”

**CUARTO-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS EN PEDRA DO PINO (CORRUBEDO)”**, do seguinte xeito:

| ORDE | LICITADORES                                          | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|------------------------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.                         | 59.025,00 €                        |
| 2    | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | 69.991,87 €                        |
| 3    | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                          | 70.500,00 €                        |
| 4    | EXCAVACIONES NIMA, S.L.                              | 75.037,62 €                        |
| 5    | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.                      | 78.033,06 €                        |
| 6    | SERGONSA SERVICIOS, S.L.                             | 78.855,00 €                        |
| 7    | CANARGA, S.L.                                        | 79.256,20 €                        |
| 8    | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 79.790,75 €                        |
| 9    | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | 80.800,00 €                        |





|    |                                            |             |
|----|--------------------------------------------|-------------|
| 10 | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.        | 82.117,67 € |
| 11 | MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                   | 82.986,59 € |
| 12 | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.      | 83.679,77 € |
| 13 | SONDEOS PORZUNA, S.L.                      | 84.070,30 € |
| 14 | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                      | 85.212,59 € |
| 15 | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.     | 85.735,00 € |
| 16 | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 86.450,76 € |
| 17 | GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                       | 86.530,60 € |
| 18 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.         | 90.670,17 € |
| 19 | CONTRATAS VILOR, S.L.                      | 92.605,00 € |

**QUINTO.-** Requirir á empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**13.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN RÚA DOS BOLOS (AGUIÑO)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000013*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN RÚA DOS BOLOS (AGUIÑO)”, cun orzamento total de licitación de 45.789,93 euros (orzamento base: 37.842,92 euros; IVE 21%: 7.947,01 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do





proxecto mediante decreto da alcaldía de data 25/01/2018 o cal foi ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/01/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 60911, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.
2. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
3. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
4. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
5. CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.
6. EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.
7. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
8. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
9. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
10. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
11. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
12. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                       | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) |
|---------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U. | CORRECTA                | 37.240,80 €                |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.        | CORRECTA                | 31.490,36 €                |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                       | CORRECTA                | 28.500,00 €                |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.               | CORRECTA                | 35.613,97 €                |
| CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.             | CORRECTA                | 33.763,45 €                |
| EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.                      | CORRECTA                | 31.528,00 €                |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L.                           | CORRECTA                | 28.000,00 €                |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.            | CORRECTA                | 34.058,63 €                |
| GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                              | CORRECTA                | 33.165,54 €                |
| MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                          | CORRECTA                | 28.760,62 €                |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                             | CORRECTA                | 36.620,59 €                |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                             | CORRECTA                | 33.101,20 €                |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construcciones Anspal, S.L.”,





“Excavaciones Nima, S.L.” e “Marqués de Marancán, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, enviáronse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa da súas respectivas ofertas as empresas “Construcciones Anspal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 13/02/2020 co número 2.220) e “Excavaciones Nima, S.L.”. (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.261).

Non consta que presentase documentación xustificativa da súa oferta económica a empresa “Marqués de Marancán, S.L.”

Con data 25/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN RÚA DOS BOLOS (AGUIÑO)”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. e por Construcciones Anspal, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*A empresa Marqués de Marancán, S.L. non presentou documentación para xustificar a súa oferta”.*

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas Excavaciones Nima, S.L. e por Construcciones Anspal, S.L. e excluír á empresa Marqués de Marancán, S.L. do proceso de licitación”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** Excluír da licitación á empresa “Marqués de Marancán, S.L.” por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta económica dentro do prazo concedido a tal fin.

**SEGUNDO.-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 25/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada polas empresas, considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas por “Excavaciones Nima, S.L.” e por “Construcciones Anspal, S.L.”

**TERCEIRO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de





novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN RÚA DOS BOLOS (AGUIÑO)”, do seguinte xeito:

| ORDE | LICITADORES                                | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|--------------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | EXCAVACIONES NIMA, S.L.                    | 28.000,00 €                        |
| 2    | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                | 28.500,00 €                        |
| 3    | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 31.490,36 €                        |
| 4    | EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.               | 31.528,00 €                        |
| 5    | TARRIO Y SUAREZ, S.L.                      | 33.101,20 €                        |
| 6    | GESTAL Y LOPEZ, S.L.                       | 33.165,54 €                        |
| 7    | CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.      | 33.763,45 €                        |
| 8    | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.     | 34.058,63 €                        |
| 9    | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.        | 35.613,97 €                        |
| 10   | NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.                      | 36.620,59 €                        |
| 11   | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO.                    | 37.240,80 €                        |

**CUARTO.-** Requirir á empresa “Excavaciones Nima, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

#### **14.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA).”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000016*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA).”, cun orzamento total de licitación de 74.057,07 euros (orzamento base: 61.204,19 euros; IVE 21%: 12.852,88 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por







Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 61967, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.
3. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
5. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
6. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
7. CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.
8. CONTRATAS VILOR, S.L.
9. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
10. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
11. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
12. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
13. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
14. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
15. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
16. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
17. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
18. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
19. SONDEOS PORZUNA, S.L.
20. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
21. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa na data 28/01/2020 dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                         | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) | IVE 21%     | TOTAL       |
|-----------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|-------------|-------------|
| * ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L. | CORRECTA                | 38.316,91 €                | 9.575,40 €  | 55.172,52 € |
| CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.   | CORRECTA                | 56.945,25 €                | 11.958,50 € | 68.903,75 € |





|                                                      |          |             |             |             |
|------------------------------------------------------|----------|-------------|-------------|-------------|
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.           | CORRECTA | 44.844,67 € | 9.417,38 €  | 54.262,05 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                          | CORRECTA | 46.000,00 € | 9.660,00 €  | 55.660,00 € |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | CORRECTA | 45.800,00 € | 9.618,00 €  | 55.418,00 € |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | CORRECTA | 50.866,80 € | 10.682,03 € | 61.548,83 € |
| CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.                      | CORRECTA | 39.300,00 € | 8.253,00 €  | 47.553,00 € |
| CONTRATAS VILOR, S.L.                                | CORRECTA | 54.070,00 € | 11.354,70 € | 65.424,70 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.                | CORRECTA | 51.846,07 € | 10.887,67 € | 62.733,74 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L.                              | CORRECTA | 42.700,20 € | 8.967,04 €  | 51.667,24 € |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.               | CORRECTA | 51.897,00 € | 10.898,37 € | 62.795,37 € |
| GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                                 | CORRECTA | 47.904,52 € | 10.059,95 € | 57.964,47 € |
| INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.                 | CORRECTA | 50.342,30 € | 10.571,88 € | 60.914,18 € |
| MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                             | CORRECTA | 58.143,98 € | 12.210,24 € | 70.354,22 € |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | CORRECTA | 43.453,37 € | 9.125,21 €  | 52.578,58 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | CORRECTA | 42.812,33 € | 8.990,59 €  | 51.802,92 € |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.                   | CORRECTA | 61.185,83 € | 12.849,02 € | 74.034,85 € |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.                             | CORRECTA | 47.979,00 € | 10.075,59 € | 58.054,59 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                                | CORRECTA | 52.152,09 € | 10.951,94 € | 63.104,03 € |
| TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                               | CORRECTA | 39.239,67 € | 8.240,33 €  | 47.480,00 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                                | CORRECTA | 51.123,86 € | 10.736,01 € | 61.859,87 € |

\* Visto que a oferta económica presentada por “Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.” presenta erros manifestos, e visto o informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020 no que conclúe *“Permitir no presente caso ó licitador incurso en manifesto error, non só nun expediente, se non en todos aos que concorreu, implicaría vulnerar o principio de non discriminación, igualdade de trato e transparencia que preside todo o marco da contratación pública, polo que a xuízo do que subscribe as ofertas presentadas pola mercantil ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS SL nos expedientes BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, RUA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E ABESADAS, PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA) E REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO), deben ser excluídas.”*, a Mesa de Contratación, nesta mesma reunión, *acorda excluír desta licitación a empresa Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.*

Continuada a sesión e visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas. A Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirirle ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, enviáronse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas respectivas ofertas as dúas empresas requiridas “Construccións Fermín Simal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.287) e “Tamara Fernández Pérez” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 17/02/2020 cos números 2.393 e 2.398).

Con data 26/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE*





PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA)", no que conclúe que:

*"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Construccións Fermín Simal, S.L. e Tamara Fernández Pérez expóñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada".*

E segundo o exposto propón "aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas Construccións Fermín Simal, S.L. e Tamara Fernández Pérez".

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO-** De acordo co informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020, **excluir da licitación á empresa "Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L."**, por presentar erros manifestos na súa oferta económica, en todos os expedientes nos que concorreu.

**SEGUNDO.-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada polas empresas, considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas "Construccións Fermín Simal, S.L." e "Tamara Fernández Pérez".

**TERCEIRO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA)", do seguinte xeito:**

| ORDE | LICITADORES                                          | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|------------------------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                               | 39.239,67 €                        |
| 2    | CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L.                     | 39.300,00 €                        |
| 3    | EXCAVACIONES NIMA, S.L.                              | 42.700,20 €                        |
| 4    | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | 42.812,33 €                        |
| 5    | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 43.453,37 €                        |
| 6    | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.           | 44.844,67 €                        |
| 7    | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | 45.800,00 €                        |
| 8    | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                          | 46.000,00 €                        |
| 9    | GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                                 | 47.904,52 €                        |
| 10   | SERGONSA SERVICIOS, S.L.                             | 47.979,00 €                        |
| 11   | INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.                 | 50.342,30 €                        |
| 12   | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | 50.866,80 €                        |
| 13   | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                                | 51.123,86 €                        |
| 14   | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.                | 51.846,07 €                        |
| 15   | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.               | 51.897,00 €                        |
| 16   | SONDEOS PORZUNA, S.L.                                | 52.152,09 €                        |
| 17   | CONTRATAS VILOR, S.L.                                | 54.070,00 €                        |
| 18   | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO.                              | 56.945,25 €                        |
| 19   | MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                             | 58.143,98 €                        |





|    |                                    |             |
|----|------------------------------------|-------------|
| 20 | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L. | 61.185,83 € |
|----|------------------------------------|-------------|

**CUARTO.-** Requirir á empresa “Tamara Fernández Pérez”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

**15.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANCORTES E DO CAMIÑO DO CEMITERIO DE OLEIROS”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000014*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANCORTES E DO CAMIÑO DO CEMITERIO DE OLEIROS”, cun orzamento total de licitación de 46.587,89 euros (orzamento base: 38.502,39 euros; IVE 21%: 8.085,50 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do proxecto mediante decreto da alcaldía de data 25/01/2018 o cal foi ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/01/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61966, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data





20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. CANARGA, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
3. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
4. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
5. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
6. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
7. SONDEOS PORZUNA, S.L.
8. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                          | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) |
|------------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|
| CANARGA, S.L.                                        | CORRECTA                | 31.570,25 €                |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | CORRECTA                | 34.800,00 €                |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | CORRECTA                | 31.614,31 €                |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.                | CORRECTA                | 32.230,35 €                |
| MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | CORRECTA                | 28.323,59 €                |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | CORRECTA                | 26.131,57 €                |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                                | CORRECTA                | 32.384,36 €                |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                                | CORRECTA                | 37.793,94 €                |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador “Nemesio Ordóñez, S.A.” debe ser considerada, en principio, como anormalmente baixa, a Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirir á citada empresa para que no prazo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormalmente baixa, enviouse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido a empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.” presentou documentación xustificativa da súa oferta (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.230).

Con data 18/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANCORTES E DO CAMIÑO DO CEMITERIO DE OLEIROS”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Nemesio Ordóñez, S.A. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos*





que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Nemesio Ordóñez, S.A.

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada por “Nemesio Ordóñez, S.A.”

**SEGUNDO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SANCORTES E DO CAMIÑO DO CEMITERIO DE OLEIROS”, do seguinte xeito:**

| ORDE | LICITADORES                                          | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|------------------------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                                | 26.131,57 €                        |
| 2    | MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 28.323,59 €                        |
| 3    | CANARGA, S.L.                                        | 31.570,25 €                        |
| 4    | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                  | 31.614,31 €                        |
| 5    | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.                | 32.230,35 €                        |
| 6    | SONDEOS PORZUNA, S.L.                                | 32.384,36 €                        |
| 7    | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                    | 34.800,00 €                        |
| 8    | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                                | 37.793,94 €                        |

**TERCEIRO.-** Requirir á empresa “Nemesio Ordóñez, S.A.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.







**16.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E EN ABESADAS”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000005*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de **“BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E EN ABESADAS”**, cun orzamento total de licitación de 68.475,09 euros (orzamento base: 56.590,98 euros; IVE 21%: 11.884,11 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2018”**, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 16/05/2018, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 23/05/2018, co número 7.400, e que se considerou definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación número 21270 de data 14/06/2018, segundo circular complementaria que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/06/2018, co número 9.235.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data novembro/2017, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 15/12/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do proxecto por decreto da alcaldía de data 25/01/2018 o cal foi ratificado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/01/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453 60930, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romay, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.
2. CONTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.
3. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
4. CONTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
5. CONTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
6. CONTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
7. CONTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.
8. CONTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.
9. CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.
10. CONTRATAS VILOR, S.L.
11. CONTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
12. EXCAVACIONES NIMA, S.L.





13. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
14. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
15. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
16. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
17. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
18. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
19. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
20. SONDEOS PORZUNA, S.L.
21. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
22. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.

A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                         | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) | IVE 21%     | TOTAL       |
|-----------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|-------------|-------------|
| * ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L. | CORRECTA                | 32.575,48 €                | 8.140,61 €  | 46.905,43 € |
| CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.   | CORRECTA                | 51.284,60 €                | 10.769,77 € | 62.054,37 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.          | CORRECTA                | 41.876,14 €                | 8.793,99 €  | 50.670,13 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.                         | CORRECTA                | 38.500,00 €                | 8.085,00 €  | 46.585,00 € |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                   | CORRECTA                | 44.800,00 €                | 9.408,00 €  | 54.208,00 € |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                 | CORRECTA                | 47.598,68 €                | 9.995,72 €  | 57.594,40 € |
| CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.          | CORRECTA                | 44.027,78 €                | 9.245,83 €  | 53.273,61 € |
| CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.                     | CORRECTA                | 35.875,00 €                | 7.533,75 €  | 43.408,75 € |
| CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.               | CORRECTA                | 51.016,77 €                | 10.713,52 € | 61.730,29 € |
| CONTRATAS VILOR, S.L.                               | CORRECTA                | 52.430,00 €                | 11.010,30 € | 63.440,30 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.               | CORRECTA                | 48.221,17 €                | 10.126,45 € | 58.347,62 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L.                             | CORRECTA                | 43.000,00 €                | 9.030,00 €  | 52.030,00 € |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.              | CORRECTA                | 50.300,00 €                | 10.563,00 € | 60.863,00 € |
| GESTAL Y LOPEZ, S.L.                                | CORRECTA                | 47.609,99 €                | 9.998,10 €  | 57.608,09 € |
| INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.                | CORRECTA                | 45.500,37 €                | 9.555,08 €  | 55.055,45 € |
| MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                            | CORRECTA                | 37.664,41 €                | 7.909,53 €  | 45.573,94 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                               | CORRECTA                | 53.076,68 €                | 11.146,10 € | 64.222,78 € |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.                  | CORRECTA                | 54.242,46 €                | 11.390,92 € | 65.633,38 € |
| SERGONSA SERVICIOS, S.L.                            | CORRECTA                | 44.412,00 €                | 9.326,52 €  | 53.738,52 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                               | CORRECTA                | 49.070,04 €                | 10.304,71 € | 59.374,75 € |
| TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                              | CORRECTA                | 35.935,21 €                | 7.546,39 €  | 43.481,60 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                               | CORRECTA                | 49.754,79 €                | 10.448,51 € | 60.203,30 € |

\* Visto que a oferta económica presentada por “Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.” presenta erros manifestos, e visto o informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020 no que conclúe “Permitir no presente caso ó licitador incurso en manifesto error, non só nun expediente, se non en todos aos que concorreu, implicaría vulnerar o principio de non discriminación, igualdade de trato e transparencia que preside todo o marco da contratación pública, polo que a xuízo do que subscribe, as ofertas presentadas pola mercantil ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS SL nos expedientes BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, RUA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E ABESADAS, PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA) E REFORZO DA





*REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO), deben ser excluídas”, a Mesa de Contratación, nesta mesma reunión, acordou excluír desta licitación a empresa Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.*

Continuada a mesma sesión e visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construcciones Anspal, S.L.”, “Construccións Fermín Simal, S.L.”, “Marqués de Marancán, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas. A Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas..

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, enviáronse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa “Construccións Fermín Simal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.265).

Non consta que presentasen documentación xustificativa das súas ofertas económicas as empresas “Construcciones Anspal, S.L.”, “Marqués de Marancán, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez”.

Con data 18/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E EN ABESADAS”, no que conclúe que:*

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Construccións Fermín Simal, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*Os licitadores Construcciones Anspal, S.L., Marqués de Marancán, S.L. e Tamara Fernández Pérez, non presentaron documentación para xustificar a súa oferta”.*

*E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construccións Fermín Simal, S.L. e excluír a Construcciones Anspal, S.L., Marqués de Marancán, S.L. e Tamara Fernández Pérez do proceso de licitación”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.-** De acordo co informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020, **excluír da licitación á empresa “Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias,**





S.L.", por presentar erros manifestos na súa oferta económica, en todos os expedientes nos que concorreu.

**SEGUNDO.-** Excluir da licitación ás empresas “Construcciones Anspal, S.L.”, “Marqués de Marancán, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez” por non ter presentado documentación xustificativa das súas respectivas ofertas económicas dentro do prazo concedido a tal fin.

**TERCEIRO.-** De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada por “Construccions Fermín Simal, S.L.”

**CUARTO.-** De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, NA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E EN ABESADAS”, do seguinte xeito:

| ORDE | LICITADORES                                | OFERTA ECONÓMICA<br>(IVE excluído) |
|------|--------------------------------------------|------------------------------------|
| 1    | CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.            | 35.875,00 €                        |
| 2    | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 41.876,14 €                        |
| 3    | EXCAVACIONES NIMA, S.L.                    | 43.000,00 €                        |
| 4    | CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L. | 44.027,78 €                        |
| 5    | SERGONSA SERVICIOS, S.L.                   | 44.412,00 €                        |
| 6    | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.          | 44.800,00 €                        |
| 7    | INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.       | 45.500,37 €                        |
| 8    | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.        | 47.598,68 €                        |
| 9    | GESTAL Y LOPEZ, S.L.                       | 47.609,99 €                        |
| 10   | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.      | 48.221,17 €                        |
| 11   | SONDEOS PORZUNA, S.L.                      | 49.070,04 €                        |
| 12   | TARRIO Y SUAREZ, S.L.                      | 49.754,79 €                        |
| 13   | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.     | 50.300,00 €                        |
| 14   | CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.      | 51.016,77 €                        |
| 15   | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO.                    | 51.284,60 €                        |
| 16   | CONTRATAS VILOR, S.L.                      | 52.430,00 €                        |
| 17   | NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.                      | 53.076,68 €                        |
| 18   | OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.         | 54.242,46 €                        |

**QUINTO.-** Requirir á empresa “Construccions Fermín Simal, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de **sete días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.





**17.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”.**

*Expediente: 2019/C\_OB000023*

Visto o expediente que se tramita para contratar, as obras do proxecto de **“REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”**, cun orzamento total de licitación de 57.781,37 euros (orzamento base: 47.753,20 euros; IVE 21%: 10.028,17 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

O investimento foi incluído no **“Plan de Aforro e Investimento (PAI) adicional 1/2016”**, considerado definitivamente aprobado por resolución da Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña número 2017/28415 do 12/09/2017, segundo a Circular da data 15/09/2017 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/09/2017, co número 15.156).

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016, aprobouse por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 28/03/2016.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 61907, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/12/2019.

A licitación anunciouse no Perfil do Contratante do Concello de Ribeira, na data 20/12/2019.

Á vista do informe emitido polo auxiliar adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, na data 24/01/2020, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta licitación presentaron as súas ofertas, a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) as seguintes empresas:

1. ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.
3. BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.
5. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
6. CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
7. CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.
8. CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.
9. CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.
10. EXCAVACIONES NIMA, S.L.
11. EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.
12. GESTAL Y LÓPEZ, S.L.
13. MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.
14. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
15. SONDEOS PORZUNA, S.L.
16. TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ
17. TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.







A apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) e que conteñen a declaración responsable e a oferta económica de cada un deles, realizouse pola Mesa de contratación na data 28/01/2020, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES                                         | DECLARACIÓN RESPONSABLE | OFERTA ECONÓMICA (SEN IVE) | IVE 21%    | TOTAL       |
|-----------------------------------------------------|-------------------------|----------------------------|------------|-------------|
| * ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS, S.L. | CORRECTA                | 27.488,19 €                | 6.869,30 € | 39.580,24 € |
| CONSTRUCCIONES ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO AMC, S.L.U.   | CORRECTA                | 45.825,20 €                | 9.623,29 € | 55.448,49 € |
| BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.          | CORRECTA                | 40.280,20 €                | 8.458,84 € | 48.739,04 € |
| CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L                          | CORRECTA                | 33.500,00 €                | 7.035,00 € | 40.535,00 € |
| CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.                   | CORRECTA                | 42.800,00 €                | 8.988,00 € | 51.788,00 € |
| CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.                 | CORRECTA                | 39.210,15 €                | 8.234,13 € | 47.444,28 € |
| CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.                     | CORRECTA                | 31.795,00 €                | 6.676,95 € | 38.471,95 € |
| CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.               | CORRECTA                | 42.452,59 €                | 8.915,04 € | 51.367,63 € |
| CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.               | CORRECTA                | 39.735,44 €                | 8.344,44 € | 48.079,88 € |
| EXCAVACIONES NIMA, S.L.                             | CORRECTA                | 34.300,00 €                | 7.203,00 € | 41.503,00 € |
| EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.              | CORRECTA                | 38.730,00 €                | 8.133,30 € | 46.863,30 € |
| GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                                | CORRECTA                | 38.980,94 €                | 8.186,00 € | 47.166,94 € |
| MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                            | CORRECTA                | 34.949,70 €                | 7.339,44 € | 42.289,14 € |
| NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                               | CORRECTA                | 40.251,17 €                | 8.452,75 € | 48.703,92 € |
| SONDEOS PORZUNA, S.L.                               | CORRECTA                | 40.165,21 €                | 8.434,69 € | 48.599,90 € |
| TAMARA FERNÁNDEZ PÉREZ                              | CORRECTA                | 31.776,86 €                | 6.673,14 € | 38.450,00 € |
| TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                               | CORRECTA                | 42.423,94 €                | 8.909,03 € | 51.332,97 € |

\* Visto que a oferta económica presentada por “Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.” presenta erros manifestos, e visto o informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020 no que conclúe *“Permitir no presente caso ó licitador incurso en manifesto error, non só nun expediente, se non en todos aos que concorreu, implicaría vulnerar o principio de non discriminación, igualdade de trato e transparencia que preside todo o marco da contratación pública, polo que a xuízo do que subscribe, as ofertas presentadas pola mercantil ABOOTEC PROMOCIONES GESTIONES INMOBILIARIAS SL nos expedientes BEIRARRÚAS EN IÑEIRAS, RUA FRANCISCO LORENZO MARIÑO E ABESADAS, PAVIMENTACIÓN E INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO VILAR (CARREIRA) E REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO), deben ser excluídas”, a Mesa de Contratación, nesta mesma reunión, acorda excluír desta licitación a empresa Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.*

Continuada a sesión e visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Construcciones Anspal, S.L”, “ Construcción FERMÍN SIMAL, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez” deben ser consideradas, en principio, como anormalmente baixas. A Mesa de contratación, na súa mesma reunión da data 28/01/2020, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo de 5 días hábiles xustificasen as súas respectivas ofertas.

As notificacións dos requirimentos das xustificacións das ofertas consideradas, en principio, como anormalmente baixas, enviáronse, de forma electrónica, na data 07/02/2020.







Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa da súas respectivas ofertas as tres empresas requiridas: “Construcciones Anspal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 13/02/2020 co número 2.213), “Construccións Fermín Simal, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 14/02/2020 co número 2.269) e “Tamara Fernández Pérez” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 17/02/2020 co número 2.396).

Con data 26/03/2020 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”*, no que conclúe que:

*“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:*

*Na documentación presentada por Construcciones Anspal, S.L. expón os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*

*As empresas Construccións Fermín Simal, S.L. e Tamara Fernández Pérez, non presentaron documentación suficiente para xustificar a súa oferta”.*

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Anspal, S.L. e excluír ás empresas. Construccións Fermín Simal, S.L. e Tamara Fernández Pérez do proceso de licitación”.*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 04/05/2020.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.**- De acordo co informe do secretario xeral do concello de data 28/01/2020, **excluír da licitación á empresa “Abootec Promociones Gestiones Inmobiliarias, S.L.”**, por presentar erros manifestos na súa oferta económica, en todos os expedientes nos que concorreu.

**SEGUNDO.**- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada polas empresas, **excluír da licitación ás empresas “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Tamara Fernández Pérez”.**

**TERCEIRO.**- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/03/2020 e tendo en conta a documentación aportada pola empresa, considerar xustificada a oferta económica presentada por “Construcciones Anspal, S.L.”

**CUARTO.**- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “REFORZO DA REDE DE PLUVIAIS E AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”**, do seguinte xeito:

| ORDE | LICITADORES | OFERTA ECONÓMICA |
|------|-------------|------------------|
|------|-------------|------------------|





|    |                                            | (IVE excluído) |
|----|--------------------------------------------|----------------|
| 1  | CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L                 | 33.500,00 €    |
| 2  | EXCAVACIONES NIMA, S.L.                    | 34.300,00 €    |
| 3  | MARQUÉS DE MARANCÁN S.L.                   | 34.949,70 €    |
| 4  | EXCAVACIONES Y PROYECTOS GALICIA, S.L.     | 38.730,00 €    |
| 5  | GESTAL Y LÓPEZ, S.L.                       | 38.980,94 €    |
| 6  | CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.        | 39.210,15 €    |
| 7  | CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.      | 39.735,44 €    |
| 8  | SONDEOS PORZUNA, S.L.                      | 40.165,21 €    |
| 9  | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.                      | 40.251,17 €    |
| 10 | BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. | 40.280,20 €    |
| 11 | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.                      | 42.423,94 €    |
| 12 | CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.      | 42.452,59 €    |
| 13 | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.          | 42.800,00 €    |
| 14 | ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO.                    | 45.825,20 €    |

**QUINTO.-** Requerir á empresa “**Construcciones Anspal, S.L.**”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de **sete días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, **presente a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

### III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

### IV.- AUTORIZACIÓN DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

### V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





## VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Sergio Martínez Silva**, de datas 30/12/2019 e 10/03/2020 (Rexistros de entrada nº 17.979 e 3.638), nos que solicita licenza de obras para rehabilitación de vivenda unifamiliar existente sita na Rúa do Forno, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 0293909NH0009S0001KG.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 28 de abril de 2020, visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 29 de abril de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/04/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.- CONCEDER** ao Sr. Sergio Martínez Silva, **LICENZA DE OBRAS (Nº 14/20)** para **REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE**, sita na Rúa do Forno, Castiñeiras, Riveira en parcela con refª catastral nº 0293909NH0009S0001KG, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26 de decembro de 2019 así como Informe técnico de 10 de marzo de 2020 e da Xustificación Decreto Hábitat 29/2010 de abril de 2020 redactados polo Sr. Miguel A. Abad Blanco (Col. nº 1.877) & Sr. Antonio Deus Álvarez (Col. nº 1.875):

- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións na franxa sita ao longo do vial, **cunha superficie de cesión en total de 49,43 m²**, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.495,26 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade** co preceptivo visado colexial.*

**SEGUNDO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**TERCEIRO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**CUARTO.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de*





*ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**QUINTO.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que





participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**NOVENO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**2.-** Visto o escrito presentado por **Fernando Paz Pérez**, de data 24/04/2020 (Registro de entrada nº 4.216), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de abril de 2020 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de abril de 2020, para engadir a expediente de licenza de obras nº 46/19.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 27/04/2020, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/04/2020, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 46/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de novembro de 2019 á Sra. Nieves Sobrido Rey e ao Sr. Fernando Paz Pérez, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23





de abril de 2020 redactados polo Sr. José A. Gómez Domínguez Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 23 de abril de 2020:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** co preceptivo visado colexial.*

#### VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **sentenza** nº 00078/2020 remitida polo **Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 20/03/2020, na que se desestima o recurso contencioso-administrativo nº P. Abr. 348/2019 presentado por Susana Sánchez Cameán, contra acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, de 06/06/2016, polo que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada.







## APROBACIÓN DAS BASES DO “XXVIII CONCURSO LITERARIO ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS DO CONCELLO DE RIBEIRA”

Vista a **proposta** conxunta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María Sampedro Fernández, e pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 05/05/2020, na que solicita a aprobación das bases do “XXVIII Concurso Literario Escolar das Letras Galegas do Concello de Ribeira”, nas súas modalidades de poesía, prosa e banda deseñada.

Vista a documentación que consta no expediente

A **Xunta de goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as bases do “XXVIII Concurso Literario Escolar das Letras Galegas do Concello de Ribeira”, nas súas modalidades de poesía, prosa e banda deseñada, que a seguir se recollen:

### “XXVIII CONCURSO LITERARIO ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS DO CONCELLO DE RIBEIRA

**Modalidades: poesía, prosa, e banda deseñada**

#### **BASES:**

##### **1. Participantes:**

*Escolares do municipio con idades comprendidas entre 7 e 13 anos.*

##### **2. Categorias:** Establécense dúas categorías

*A) de 7 a 10 anos de idade*

*B) de 11 a 13 anos de idade*

##### **3. Modalidades:** Para todas as modalidades o tema será orixinal e libre, en lingua galega.

*POESÍA: Máximo 25 versos.*

*PROSA: Máximo 2 folios*

*BANDA DESEÑADA: Máximo 2 folios*

##### **4. Presentación:**

*Os traballos conterán un título e/ou un pseudónimo, pero sen sinatura. Manterase así o anonimato da autoría para salvagardar a ecuanimidade na valoración do xurado.*

*a) Se presenta as obras o centro de ensino:*

*Os traballos enviaranse por correo electrónico ao enderezo [normalizacion@ribeira.gal](mailto:normalizacion@ribeira.gal), identificados por categorías e modalidades (en arquivos comprimidos ZIP, RAR..., se así o desexan). Achegarase tamén nestes correos unha lista, encabezada polo nome do centro de ensino, co nome e apelidos do alumnado participante e o título e/ou pseudónimo de cada obra presentada para facilitar a identificación de quen resulten gañadores ou gañadoras.*





*As obras poderán presentarse en calquera dos formatos electrónicos que as reciban do alumnado (jpg, word, pdf...), pero é importante recordar que no seu contido deben ter o título e/ou pseudónimo, para poder identifielas.*

*b) Se presenta as obras a título individual:*

*O traballo ou traballos enviaranse ao correo [normalizacion@ribeira.gal](mailto:normalizacion@ribeira.gal) en formato electrónico e como nome de arquivo debe ter a categoría e modalidade á que pertence.*

*Nun documento á parte, que se abrirá só logo da decisión do xurado, enviaranse os datos do autor ou da autora (nome e apelidos, idade e centro de ensino no que cursa os seus estudos).*

#### **5. Modo e data de presentación:**

*As obras enviaranse ao correo electrónico [normalizacion@ribeira.gal](mailto:normalizacion@ribeira.gal)*

*A data límite de envío é o 29 de maio de 2020.*

#### **6. Obras gañadoras do concurso:**

*As obras gañadoras serán determinadas polo resultado da valoración dun xurado constituído ao efecto e compartido por ambas as concellerías de Cultura e Educación do Concello de Ribeira.*

*Os colexios serán informados de cales son as obras gañadoras e a súa autoría na primeira semana de xuño de 2020, cando se darán tamén a coñecer ás persoas gañadoras e aos medios de comunicación.*

#### **7. Premios:**

*Os premios constarán de lotes de libros para os 3 mellores traballos de cada categoría e para os centros de ensino participantes.*

#### **8. Aceptación das bases:**

*A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases e da decisión do xurado."*

### **APROBACIÓN DAS BASES EVIII EDICIÓN DO CONCURSO INTERNACIONAL DE NOVELA CURTA "CIDADE CENTENARIA DE RIVEIRA" 2020-2022, E APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA.**

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández**, de data 05/05/2020, na que solicita a aprobación das bases que regulan a VIII Edición do Concurso Internacional de Novela Curta "Cidade Centenaria de Riveira" 2020-2022, así como a aprobación e autorización para a sinatura do convenio desta edición entre o Concello de Ribeira e Edicions Xerais de Galicia.





Visto o informe favorable emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 05/05/2020.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**1.- Aprobar** as bases que regulan a VIII Edición do Concurso Internacional de Novela Curta “Cidade Centenaria de Ribeira” 2020-2022.

**2.- Aprobar** e autorizar para a sinatura do convenio desta edición entre o Concello de Ribeira e Edicions Xerais de Galicia

#### **AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL**

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 07/05/2020, en relación á solicitude de concesión de axudas para Medidas de Apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Ribeira presentada por **XXXX XXXX XXXX XXXX**.

**A Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 05/05/2020, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Conceder** a **XXXX XXXX XXXX XXXX** unha axuda para pago de gastos de enterramento por facelemento, polo importe máximo de **946,23 €** (Importe a abonar á empresa prestadora do servizo).

**A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

**O Alcalde**  
**Manuel Ruiz Rivas**

**Dou fe, o secretario xeral**  
**Juan Manuel Salguero del Valle**

